

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 21 de outubro de 2019, adoptou o seguinte acordo:

## **PUNTO 2.º- COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO**

### **2. Administración do Parlamento de Galicia**

#### **2.2. Axudas e bolsas**

#### **Concesión de dúas bolsas de formación para o Servizo de Publicacións, pola renuncia das beneficiarias e da primeira persoa suplente**

Con data de 3 de outubro de 2019 publícase no BOPG nº 541 a resolución das persoas beneficiarias e da lista suplente das bolsas do Parlamento de Galicia, dándose por cumprido con esta publicación o trámite de notificación, conforme ao disposto na cláusula décima no seu apartado terceiro das bases da convocatoria (BOPG núm. 485, do 10 de xuño de 2019 e DOG núm. 113, do 17 de xuño de 2019).

Nesa mesma data, dende o servizo de Persoal e Réxime Interior, procedeuse a comunicarlle ás persoas interesadas, mediante medios telemáticos, a súa condición de beneficiarias das anteditas bolsas.

O día 10 de outubro, D.<sup>a</sup> Claudia Iglesias Arriarán, beneficiaria dunha bolsa de Publicacións, presentou escrito de renuncia á bolsa mediante o modelo do Anexo IV recollido nas bases da convocatoria (nº rexistro 57639).

O día 14 de outubro, D.<sup>a</sup> Laura Piñeiro Pais tamén beneficiaria dunha bolsa de Publicacións, presentou por vía telemática escrito de renuncia mediante o modelo do Anexo IV sen a debida sinatura. Dende este servizo de Persoal e Réxime Interior comunicóuselle telefonicamente que debía presentar por rexistro o modelo de renuncia debidamente asinado.

Unha vez transcorrido o prazo establecido na base décimo primeira da convocatoria e ao non terse presentado pola interesada ningunha declaración formal en ningún sentido entendese que renuncia á bolsa, segundo establece a base décimo primeira da convocatoria.

A resolución por acordo de Mesa do 1 de outubro de 2019 de concesión de bolsas establece unha lista de reserva para o caso de renuncia das persoas beneficiarias.

Con data 14 de outubro, D.<sup>a</sup> Helena Sotelo Domínguez, primeira na lista de suplentes de publicacións, presentou renuncia a súa condición de suplente. (nº rexistro 57639).



Na antedita lista de suplentes de publicacións figura en segundo e terceiro lugar D. Héctor Pardo Álvarez e D.<sup>a</sup> Laura Castro Lorenzo, polo que desde o Servizo de Persoal e Réxime Interior propónse á Mesa a estas persoas como beneficiarias das bolsas de formación de publicacións.

A Mesa adopta o seguinte ACORDO:

- 1.º) Adxudicarlles dúas bolsas de formación en publicacións a D. Héctor Pardo Álvarez e D.<sup>a</sup> Laura Castro Lorenzo, respectivamente.
- 2.º) Comunicarlles esta acordo á Intervención e Asuntos Económicos e ao Servizo de Persoal e Réxime Interior para que proceda a súa execución administrativa.

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez  
Letrado Oficial Maior

Xosé Antón  
Sarmiento Mendez,  
Letrado Oficial Maior

Firmado digitalmente por Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior  
Nombre de reconocimiento (DN): cn=Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior, email=xsarmiento@parlamentodegalicia.gal  
Fecha: 2019.10.22 14:02:10 +02'00'





Asinado dixitalmente por:

Xosé Antón Sarmiento Mendez, Letrado Oficial Maior na data 22/10/2019 14:02:10

